

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO RESPECTO DO R.D. 134/2010, DE RESTRICIÓN POR GARANTÍA DA SUBMINISTRACIÓN

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña P.P., PSdeG-PSOE e BNG presentan a seguinte declaración institucional:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As Centrais Térmicas de Meirama (Cerceda) e As Pontes teñen importantes paradas de produción dende finais do ano 2009. Isto débese, por unha banda, á caída da demanda e, por outra, ao incremento de produción mediante enerxías renovables. Esta situación de non funcionamento agravárase e prolongárase pola entrada en vigor do R.D. de restrición por garantía da subministración (Decreto do carbón) que primaría ás centrais que consomen carbón nacional fronte as que consomen carbón de importación.

As ditas paradas das centrais térmicas de Cerceda e As Pontes teñen importantes efectos sobre o tecido produtivo da zona, provocando nalgúns casos o peche de empresas locais e noutros a presentación de EREs para poder paliar a situación. Unha clara mostra desta situación, dificilmente sostible, ponse de manifesto observando a diminución do volume de negocio xerado no contorno con respecto ao que se produciría si se encontrasen en funcionamento.

Podemos dicir que o funcionamento normal das dúas plantas supoñen un consumo de carbón da orde de **5.500.000 Tm** (1.500.000 Tm en Cerceda e 4.000.000 Tm nas Pontes), cuxo transporte se fai dende o Porto da Coruña e o Porto exterior de Ferrol respectivamente. Polo feito de non producirse este movemento de carbón pódese estimar unha caída da actividade económica da orde de **40 millóns de euros/ano** (11,4 M. no caso de Cerceda e 28,6 M. no das Pontes).

Outras actividades que se realizan nas instalacións e teñen unha repercusión directa sobre o mantemento do nivel de emprego na área de influencia das centrais, afectando incluso aos ingresos da Administración autonómica e a local, contratación con empresas externas, impostos e subministracións supoñen un importe superior aos **60 millóns de euros/ano**.

Polo tanto, o total do volume económico perdido (de máis de **100 millóns de euros/ano**) resulta suficientemente indicativo da importancia do funcionamento das centrais térmicas de Meirama e As Pontes sobre as economías locais, sen perder de vista que xeran un índice de ocupación externo da orde dos **2.000 postos de traballo/ano** (directos e indirectos) nas empresas que subministran e prestan servizos nas instalacións

das centrais e as súas auxiliares. Ao que habería que engadir o alto nivel de emprego de persoal propio nas centrais, a maioría do cal reside nas zonas.

Definitivamente, si finalmente entrase en vigor o real decreto citado sen ter en conta as peculiaridades da Comunidade Autónoma Galega, esta situación de non funcionamento das centrais térmicas de Cerceda e As Pontes, coas súas perdas, prolongaríase durante cinco anos máis, ata o 2014, e implicaría un golpe definitivo ao desenvolvemento económico dos concellos de Cerceda e As Pontes e as súas comarcas, do que sería moi difícil recuperarse.

Polo que, dende a Deputación Provincial da Coruña se fai a seguinte

POSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Os membros da corporación da Deputación Provincial, reunidos en pleno, solicitan:

- 1.- O mantemento do emprego directo nas instalacións termoeléctricas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos ciclos combinados radicados en Galicia.
- 2.- O mantemento da industria auxiliar dependente das ditas instalacións e a actividade portuaria de Ferrol e A Coruña.
- 3.- O mantemento do nivel de actividade á competitividade necesario das instalacións co fin de darlle robustez e fiabilidade ao sistema eléctrico español.
- 4.- Que se teñan en conta as peculiaridades da Comunidade Autónoma Galega e as repercusións socioeconómicas negativas que a entrada en vigor do dito RD tería para As Pontes, Cerceda e as súas comarcas.
- 5.- Que se lles compense ás respectivas empresas por dispoñibilidade garantindo un mínimo de hora anuais co fin de manter o emprego e a actividade económica.
- 6.- Co fin de facer efectivos os apartados anteriores, que se garanta un mínimo do 8% da cota de produción estatal ao carbón de importación, co fin de manter o emprego e a actividade económica tanto nas Pontes como en Cerceda e tamén Sabón.